

AS COMPETENCIAS NA NOVA LEI EDUCATIVA (LOMCE) NO MARCO DE REFERENCIA EUROPEO

PATRICIA BERMEJO MORO

Máster en Profesorado Educación Secundaria (USC)

RAMÓN CID MANZANO

IES de SAR (Santiago de Compostela)

Dpto. Didáctica das Ciencias Experimentais (USC)

INTRODUCCIÓN

O marco europeo de competencias clave para a aprendizaxe permanente tense utilizado en numerosos países da UE como punto de referencia para a reforma dos sistemas nacionais de educación e formación. Permitted avanzar nos planes de estudos escolares orientados a un enfoque do ensino e a aprendizaxe máis baseado na importancia crecente das competencias clave transversais (Valle, Manso, 2013).

Dado que estamos aquí en pleno proceso de cambio legislativo na ensinanza non universitaria, entendemos de interese facer unha análise de como as competencias aparecen reflectidas na nova lei. No momento de escribir este artigo son moitas as dúbidas sobre a súa implantación definitiva no ensino secundario, e mesmo se todos os elementos novos que nela aparecen serán de aplicación xeral.

Presentamos de xeito esquemático o tratamento que se lles da ás competencias educativas en tres países europeos: Reino Unido, Francia e Finlandia. Eliximos os dous primeiros por presentar uns sistemas de ensino non universitario moi asentados no tempo e que forman parte dos pilares fundamentais da sistema público deses estados, e o terceiro por ser considerado, ademais, un dos sistemas máis exitosos segundo os procedementos de avaliación realizados pola OCDE.

A partir destes datos realizamos unha análise comparativa das competencias tal como se recollen, en na LOMCE. Deste xeito, podemos achegarnos ás consecuencias curriculares, e polo tanto didácticas, que poderían ter estes cambios nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Tamén pretendemos, modestamente, resaltar a importancia das competencias (chámense básicas, clave, esenciais...) como elemento orientador dos currículos escolares, a partir da súa presenza nos modelos educativos destes países europeos.

AS COMPETENCIAS, EIXE DOS CURRÍCULOS EDUCATIVOS EUROPEOS.

A orientación do ensino por competencias tense convertido nos últimos anos nun tema de grande interese. En 1974 introdúcese o termo “*competencia*” como parte da avaliación obxectiva das aprendizaxes. Este enfoque consiste en que o deseño, desenvolvemento e avaliación curricular se oriente á probabilidade de mobilizar un conxunto de recursos (saber, saber facer e saber ser), para resolver una situación-problema. O termo competencia é máis que coñecemento e habilidades, implica comprender o problema e reaccionar racional e éticamente para resolvelo. Este enfoque xorde como una das respostas ao feito de que os estudantes ao se graduar posúen un conxunto de coñecementos obsoletos e que, as máis das veces, non responden ao que se precisa para actuar na realidade (Gutiérrez Paredes, 2007).

Seguindo esta orientación, nestes últimos anos foise implantando o modelo de competencias na maioría dos currículos educativos europeos como eixe organizador do ensino. Según recollía o chamado Informe Delors “*non vale educar para saber, senón educar para vivir [...] que inclúe o saber, pero vai máis aló*”. (DELORS. J. y otros, 1996)

Porén, non todos os países europeos introduciron estas competencias de igual xeito, senón que existen diferenzas tanto en número como na natureza das mesmas.

Establecéronse así oito competencias recollidas no Marco de Referencia Europeo de Competencias Clave (The European Reference Framework of Key Competences) adoptado polo Consello e o Parlamento Europeo en decembro de 2006.

Centrarémonos aquí en coñecer cales son as competencias básicas e/ou clave de tres dos países europeos que veñen destacando en coñecidas avaliacións internacionais en educación: Inglaterra, Francia e Finlandia.

Deste modo, coñecendo as competencias que están presentes neses países, poderemos comparalas co novo marco lexislativo español e ver as diferenzas existentes, e, así, coñecer se o cambio que se realizará coa LOMCE, en relación a este cuestión, nos achegará ou afastará do establecido nas orientacións do Marco de Referencia Europeo de Competencias Clave.

AS COMPETENCIAS CLAVE NO CURRÍCULO NACIONAL DO REINO UNIDO.

O termo *key skills* ou competencias clave emprégase en Inglaterra, Gales e Irlanda do Norte para describir as “competencias xenéricas que os individuos precisan para se converter en membros activos dun mundo profesional flexible, con capacidade de adaptación e competitivo e para a aprendizaxe ao longo da vida” (Department for Education UK and Skills A to Z of School Leadership and Management).

O termo de competencia básica utilízase solamente para os programas de lectura, escritura e de cálculo para os adultos. A *Basic Skills Agency* define as competencias básicas como “a capacidade de ler, escribir e falar en inglés (ou galés), e de empregar as matemáticas nun nivel necesario para traballar apropiadamente e para participar na sociedade en xeral”. (The Basic Skills Agency UK)

Polo tanto, como o que se pretende acadar principalmente son as competencias clave ao final da Educación Secundaria Obrigatoria, procederemos a describilas. Hai seis que axudan aos estudantes a mellorar os seus procesos de aprendizaxe e o seu rendemento na educación, traballo e a vida. Todas elas atópanse incluídas no Currículo Nacional (Promoting Skills across the National Curriculum), e son:

1. Comunicación

A competencia clave da Comunicación inclúe as destrezas da expresión e a comprensión oral e escrita. A destrezas da lingua oral comprenden a capacidade de falar de maneira convincente a distintas audiencias; de escoitar, comprender e responder de maneira axeitada aos outros; e de participar de forma apropiada nunha discusión de grupo. As destrezas da lingua escrita supoñen a capacidade de ler con fluidez unha variedade de textos literarios e de non ficción, e de reflexionar de maneira crítica sobre o que se en ledos; e a capacidade de escribir con fluidez para diferentes fins e audiencias, incluíndo a análise crítica dos textos propios e dos de outros. As oportunidades para desenvolver esta competencia clave están principalmente na materia de lingua inglesa e na utilización que fan os alumnos da lingua ao longo de todo o currículo.

2. Aplicación do cálculo

A competencia clave Aplicación do cálculo implica o desenvolvemento dunha serie de capacidades de cálculo mental e a súa aplicación nunha variedade de situacións. Comprende o desenvolvemento da comprensión e a utilización da linguaxe matemática relacionado con cifras e cálculos para procesar datos, resolver problemas cada vez máis complexos e explicar os razonamentos que se teñen empregado. Os alumnos deben ser quen de aplicar as regras de cálculo e o dominio dos números aos problemas doutras materias do Currículo Nacional, e a situacións da vida real. As matemáticas son claramente unha oportunidade para desenvolver esta competencia.

3. Tecnoloxías da Información

A competencia clave Tecnoloxías da información inclúe a capacidade de usar unha variedade de fontes de información e ferramentas TIC para encontrar, analizar, interpretar, avaliar e presentar información para diversos fins. Estas destrezas, comprenden a capacidade de avaliar de maneira crítica e debidamente informada momento e o xeito de utilizar as TIC para acceder á información, resolver os problemas ou realizar un traballo creativo. A capacidade para usar as fontes de información das TIC engloba o exame e a toma de decisións, así como o tratamento da información e a reflexión crítica, e a capacidade para revisar, modificar e avaliar o traballo coas TIC. As oportunidades de desenvolver esta competencia atópanse na materia das TIC e no uso das TIC por parte dos alumnos durante os seus estudos.

4. Traballar cos outros

A competencia clave de Traballar cos outros inclúe a capacidade de contribuír ás discusións en pequenos grupos e en clase, e de traballar cos outros para afrontar un desafío. Para iso os alumnos deberán desenvolver as destrezas sociais e unha sensibilización e comprensión crecente acerca das necesidades dos demais. Todas as materias ofrecen as oportunidades para que os alumnos cooperen e traballen realmente en colaboración con outros alumnos en contextos formais e informais, para que xulguen a experiencia dos demais e adopten perspectivas distintas, e se beneficien do que os demais cren, pensan e fan.

5. Mellorar da aprendizaxe e o rendemento persoal

A competencia clave, Mellorar a aprendizaxe e o rendemento persoal, supón que os alumnos reflexionen e avalíen de maneira crítica o seu traballo e que aprenderon, e que busquen maneiras de mellorar a súa aprendizaxe e o seu su rendemento. Deben ser quen de identificar os obxectivos da aprendizaxe, reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe, avaliar o seu progreso no mesmo, localizar os obstáculos ou problemas da aprendizaxe e prever formas de melloralo. Todas as materias ofrecen oportunidades aos alumnos para que avalíen o seu traballo e discutan a maneira de melloralo.

6. Resolución de problemas

A competencia de resolución de problemas supón que os alumnos desenvolvan as capacidades e estratexias que lles axudaran a resolver problemas que se van a encontrar durante a aprendizaxe e na súa vida. Inclúe a capacidade de identificar e comprender un problema, idear formas de resolver, controlar a maneira na que se está resolvendo e avaliar as solucións propostas. Todas as materias ofrecen oportunidades aos alumnos para responder ao reto da resolución de problemas e para planificar, avaliar, modificar e revisar os progresos que son necesarios para alcanzar uns resultados determinados.

AS COMPETENCIAS CLAVE NO CURRÍCULO DE FRANCIA

O Decreto sobre a base común de coñecemento e habilidades de 11 de xullo de 2006, presentadas en virtude da Lei para o futuro da Escola de 23 de abril 2005, artellouse arredor de sete habilidades principais que definen o que se supón que se debe conseguir ao finalizar a escolaridade obrigatoria: un conxunto de coñecementos, valores, idiomas e prácticas. (R.D. sobre la base común de coñecementos e habilidade de 11 de xullo 2006)

Polo tanto, a base do sistema educativo en Francia está organizado en torno a sete competencias ou habilidades principais. Cada unha se compón dun coñecemento esencial, habilidades para usar e actitudes esenciais para toda a vida, como apertura aos demais, á curiosidade, á creatividade, aí respecto a si mesmo e aos demais.

1. O dominio da lingua francesa.

Ler, escribir e falar francés determina o acceso a todas as áreas do coñecemento e a adquisición de todas as habilidades. O francés é o primeiro na igualdade de oportunidade, e na liberdade e civismo. Permite comunicarse oralmente e por escrito, en diversas situacións; o que nos permite entender e expresar os nosos dereitos e deberes. O acceso a todos os estudantes a dominar a lingua francesa; unha expresión clara e precisa dos informes orais e escritos no ensino do francés, así como en todas as disciplinas. Cada profesor e todos os membros da comunidade educativa son responsables desta misión prioritaria da institución educativa.

2. A práctica dunha lingua moderna extranxeira.

Comunicación nunha lingua extranxeira require a habilidade para comprender, expresar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos de forma oral e escrita, en diversas situacións. Tamén implica o coñecemento e a comprensión das culturas, cuxa lingua, é o elemento vehicular. O control de nivel A2 (usuario de primaria) corresponde ao nivel requerido para a base común. O dominio das linguas modernas adquirese a través da práctica regular e a formación da memoria. Cinco tipos de actividades fan que isto sexa posible: comprensión auditiva, expresión oral, interacción oral, comprensión lectora e expresión escrita.

3. Os principais elementos de matemáticas, e cultura científica e tecnolóxica

Trátase de dar aos estudantes a representación coherente e necesaria do mundo, e de entender a súa cultura científica do entorno cotián; deben entender que a complexidade pode ser expresada polas leis fundamentais. O concreto enfoque matemático e as prácticas científicas, incluíndo o uso das habilidades manuais, axudan aos estudantes a comprender conceptos abstractos. Matemáticas, ciencia e tecnoloxía experimental promoven o rigor intelectual constituindo un razonamento científico.

4. O dominio das técnicas usuais de información e comunicación

A competencia dixital implica o uso seguro e crítico das técnicas da sociedade da información. Isto é, multimedia e Internet, que agora se atopan en todas as áreas económicas e sociais.

Estas técnicas son a miúdo obxecto de aprendizaxe experiencial fóra da escola. Porén, é necesario ensinar a cada alumno a adquirir unha serie de habilidades para usalos coidadosamente e con eficacia. Estes adquirense no curso de actividades de diferentes disciplinas.

5. A cultura humanística

A cultura humanística permite que os estudantes adquiran ao mesmo tempo o sentido de continuidade e ruptura, a identidade e a alteridade. Saber onde está Francia e Europa, e coñecer o lugar no mundo de hoxe, así os estudantes proxectarán máis lucidamente o seu futuro. A cultura humanística contribúe á formación de xuízo, gusto e sensibilidade. Mellora a percepción da realidade, abre a mente á diversidade das situacións humanas, invita a reflexionar sobre os súas propias opinións e sentimentos e desperta emocións estéticas. Baséase na análise e interpretación de textos, obras de épocas e xéneros diferentes. Baséase na presenza de obras literarias (contos, novelas, poemas, obras de teatro), que contribúen ao coñecemento das ideas e do auto-descubrimento. Aloméntase das contribucións das artes e da educación cultural.

6. Competencias sociais e cívicas

Para completar con éxito a súa educación, continuar co entramento, construír o seu futuro persoal e profesional, a vida exitosa na sociedade e o libre exercicio da súa cidadanía, requírense outras habilidades de cada alumno: a escola debe permitir que todos poidan ser plenamente responsables, é dicir, independentes e abertos á iniciativa, e contemplar un eficaz cumprimento da súa educación social e cívica. Trátase de crear un auténtico estudante cívico. Para iso, os estudantes aprenderán a diferenciar entre os principios universais (dereitos humanos), as regras do Estado de Dereito (leis) e as prácticas sociais (civismo). Tamén é o desenvolvemento dun sentido de pertenza ao país, no respecto á diversidade de elección individual e as opcións persoais.

7. A autonomía e a iniciativa

A autonomía da persoa, é un complemento esencial dos dereitos humanos: o núcleo común establece a posibilidade de cambio, de actuar e de elixir como coñecemento, o desenvolvemento da capacidade de xulgar por sí mesmo. A autonomía é tamén unha condición para o éxito académico, boa orientación e adaptación aos cambios na súa vida profesional e social. Tamén é fundamental que a escola desenvolva a habilidade dos estudantes para aprender durante toda a vida. A iniciativa require que o estudante demuestre que é capaz de deseñar, implementar e lograr proxectos individuais ou colectivos nas artes, o deporte, o patrimonio socioeconómico. Calquera que sexa a natureza do proxecto, sempre que estea habilitado pola escola e promova a participación do alumno.

COMPETENCIAS CLAVE NO CURRÍCULO COMÚN NACIONAL DE FINLANDIA

En Finlandia moitos dos textos educativos e documentos de política xeral refírense a un certo número de competencias. Entre elas están: as competencias básicas, as competencias esenciais e as competencias clave. Aínda que, principalmente, na educación secundaria se fai fincapé nas competencias clave, que serán nas que nos centraremos no que segue.

Os obxectivos nacionais para a Educación Secundaria Básica e Superior están establecidos nun Decreto de Goberno. Todos eles están recollido en oito competencias clave. (Key competences for lifelong learning in Finland)

Estas competencias clave foron tomadas en conta para formular os obxectivos do currículo, o contido das materias e os temas transversais, que na educación básica son de grande importancia para o crecemento como persoa. Estes contidos transversais son: a identidade cultural e a in-

ternacionalización, as habilidades de comunicación e as comunicacións, a cidadanía participativa e a iniciativa empresarial, a responsabilidade do medio ambiente, o benestar e un futuro sostible, a seguridade e o tráfico, e a tecnoloxía e o individuo.

Nos documentos oficiais de Finlandia non aparecen descritas como tales as competencias clave, pero como están baseadas nas emanadas das directivas europeas (Competences in Europe, Key Competences for Lifelong Learning), procedemos deseguido a describilas tal como se recollen nese documento.



1. Competencia en comunicación na lingua materna.

Comunicación na lingua materna é a habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións, tanto en forma oral e escrita (escoitar, falar, ler e escribir), e para interactuar lingüísticamente dunha maneira adecuada e creativa nunha ampla gama de contextos sociais e culturais; na educación e formación, o traballo, o fogar e o lecer.

2. Competencia en comunicación en linguas estranxeiras.

A comunicación en linguas estranxeiras comparte, en liñas xerais as principais capacidades da comunicación na lingua materna: está baseada na capacidade de comprender, expresar e interpretar conceptos, pensamentos, feitos e opinións de forma oral e escrita nun xeito adecuada dentro dunha gama de contextos sociais e culturais de acordo cos desexos ou necesidades. A comunicación en lingua estranxeira esixe posuír capacidades tales como mediación e comprensión intercultural. O nivel dun individuo desta competencia variará entre as catro dimensións (escoitar, falar, ler e escribir) e entre os diferentes idiomas, de acordo co ambiente, as necesidades, cultura e/ou interese.

3. Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía.

A competencia matemática é a habilidade para desenvolver e aplicar razoamentos matemáticos co fin de resolver unha serie de problemas en situacións cotiás. A construción dun bo dominio de cálculo, a énfase no proceso e un bo coñecemento, son a base desta competencia. A competencia en materia científica, alude á capacidade e á vontade de utilizar o conxunto de coñecementos e a metodoloxía empregados para explicar a natureza, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas. A competencia na tecnoloxía é vista como a aplicación dos devanditos coñecementos e metodoloxía, en resposta aos humanos, que se perciben como desexos ou necesidades. A competencia en ciencia e tecnoloxía implica unha comprensión dos cambios causada pola actividade humana e a responsabilidade como cidadáns.

4. Competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro e crítico das Information Technology Society (TICs) para o traballo, o ocio e a comunicación. Susténtase nas competencias básicas en materia das TICs: o uso de ordenadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de Internet.

5. Aprender a aprender.

Aprender a aprender é a habilidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, en particular, mediante unha xestión eficaz do tempo e a información, tanto individualmente coma en grupos. Esta competencia leva consigo ser consciente do proceso e das necesidades de aprendizaxe de cada un, determinar as oportunidades dispoñibles e a capacidade de superar os obstáculos co fin de aprender con éxito. Esta competencia significa adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, así como buscar orientacións e levar unha boa dirección. Aprendendo a aprender os alumnos apóianse na aprendizaxe previa e experiencias da vida co fin de utilizar e aplicar os coñecementos e as habilidades nunha variedade de contextos: na casa, no traballo, na educación e adestramento. A motivación e a confianza son cruciais para a competencia dun individuo.

6. Competencias sociais e cívicas.

Estas competencias inclúen a competencia persoal, interpersonal e intercultural, e cobren todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e laboral, e sobre todo nas sociedades cada vez máis diversas, e para resolver conflitos cando sexa necesario. A competencia cívica prepara persoas para participar plenamente na vida cívica, grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas, e ao compromiso de participación activa e democrática.

7. Sentido da iniciativa e o espírito de empresa.

Sentido da iniciativa e espírito de empresa enténdese como a habilidade da persoa para transformar as ideas en actos. Inclúe a creatividade, a innovación e a asunción de riscos, así como a habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Isto apoia aos individuos, non só na súa vida cotiá, na casa e na sociedade, senón tamén no lugar de traballo, ao seren conscientes do contexto do seu traballo e seren capaces de aproveitar as oportunidades, e é un alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos que precisan as persoas que contribúen a unha actividade social ou comercial.

8. Conciencia e expresión culturais.

Apreciación da importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións dunha variedade de medios, incluídos a música, as artes escénicas, a literatura e as artes visuais.

AS COMPETENCIAS NA LOMCE.

O Real Decreto 126/2014, de 28 de Febrero que establece as ensinanzas mínimas, anunciaba a incorporación das Competencias Clave como elemento curricular. Co Decreto 105/2014 de 4 de setembro no que se establece o currículo da educación primaria en Galicia, e no Proxecto de Orde, aparecido o 26 de xuño de 2015, pola que establece a relación de materias de libre configuración autonómica en ESO e no Bacharelato, confírmase o cambio de terminoloxía.

As competencias introducidas son sete, desaparecendo coa denominación de básicas para definirse como “Competencias Clave” ou, simplemente, “Competencias”. Son as seguintes:

- ✓ Comunicación lingüística.
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía.
- ✓ Competencia dixital.
- ✓ Aprender a aprender.
- ✓ Competencias sociais e cívicas.
- ✓ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- ✓ Conciencia e expresións culturais.

Esta nova configuración implica que a segunda competencia engloba á matemática, a competencia en ciencias e competencia en tecnoloxía. A desaparición das Ciencias de Mundo Contemporáneo como materia obrigatorio en todos os bacharelatos pon e serio perigo a adquisición desta competencia por parte de todo o alumnado.

Da terceira competencia, elimínase o “tratamento da información” que coa LOE asociábase á Competencia dixital.

Hai un cambio, tamén, na quinta competencia, xa que coa anterior lei chámase “competencia social e cidadá” e agora “competencias sociais e cívicas”. Non é difícil ver un sesgo ideolóxico neste cambio, que ten moito que ver coa desaparición da materia “Educación para a cidadanía”.

Produciuse un cambio na sexta competencia, que parece bastante significativo (Reyes Sánchez Crespo, 2014), posto que, pasa de ser “Autonomía e iniciativa personal” a definirse como “sentido da iniciativa e espírito emprendedor”. Pode observarse neste cambio unha certa visión do ensino como preparatorio do alumnado cara a unha sociedade mercantilista.

Por outra parte, a sétima competencia obvia o “artístico” da antiga “competencia cultural e artística”.

Indicamos agora as novas competencias cun pouco máis de detalle tal como se recollen no decreto:

- Comunicación lingüística: conserva o mesmo nome que na LOE e refírese ao dominio de destrezas comunicativas en distintos rexistros, con capacidade de comprensión crítica en todos os aspectos da vida.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía: une dúas das competencias aprobadas coa LOE coa intención de eliminar a forte relación existente entre as áreas de coñecemento e as competencias básicas. Con esta competencia desenvólvense destrezas relacionadas co espírito de investigación, a iniciativa científica e o uso de números como medida de linguaxe en diversos ámbitos.
- Competencia dixital: esta competencia incorpora o uso das novas tecnoloxías, a seguridade na rede e a valoración crítica do seu impacto na sociedade.
- Aprender a aprender: esta competencia, conserva o mesmo nome, referíndose así, ás habilidades relacionadas co tratamento de textos, capacidades de resumo, realización de esquemas e valoración da aprendizaxe como unha ferramenta social.
- Competencias sociais e cívicas: refírese ao coñecemento das institucións, o desenvolvemento de valores críticos e a adquisición de destrezas de análise social utilizando diferentes instrumentos e medios.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: esta, é unha das competencias que máis importancia se lle dá na LOMCE. Auna conceptos en relación á autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración do ámbito empresarial e social.



- Conciencia e expresións culturais: trátase doutra novidade no ámbito das competencias. Engloba coñecementos sobre a cultura propia e allea, valoración da interculturalidad na nosa sociedade e respecto polas diferenzas.

Podemos observar que non existe un cambio significativo na súa esencia e finalidade. Trátase máis dun cambio de terminoloxía, adaptándoo aos termos que se utilizan a nivel europeo.

De feito, no preámbulo do Real Decreto 126/2014 como no Decreto 105/2014 defínense as competencias clave do mesmo modo que se facían coas competencias básicas:

“As competencias clave son o conxunto de aprendizaxes, habilidades e actitudes de todo tipo e adquiridos en diversos contextos que se aplica en diferentes situacións da vida real e académica”.

Porén, si que podemos falar de certo cambio no trato das distintas competencias. En relación ás competencias básicas, todas elas se consideraban como tales, e, aínda que na práctica diaria fosen diferentes, non existía unha predominancia dunhas sobre as outras, nin se indicaba cales podían ser máis esenciais. Porén, si que existen na LOMCE estas diferenzas, podendo observalo no artigo 5 do Decreto 105/2014 onde se establece que as Competencias en Comunicación Lingüística (CCL), Matemáticas e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT) deberán potenciarse especialmente. Outra cousa é o papel que xoga a Ciencia e a Tecnoloxía nos currículos, sendo a xa comentada desaparición das Ciencias do Mundo Contemporáneo de 1º BAC unha clara demostración de que os feitos non acampañan ás palabras.

ANÁLISIS COMPARATIVO DAS COMPETENCIAS.

Como foi xa indicado na Introducción, o modelo utilizado no ensino pola maioría dos países europeos é o modelo baseado en competencias, téndose mostrado nas páxinas anteriores como se recollen en catro países.

Estas competencias non están delimitadas, e deben ser apoiadas polos contidos transversais, destacando o pensamento crítico, a creatividade, a iniciativa, a resolución de problemas, a avaliación do risco, a toma de decisións e a xestión construtiva dos sentimentos.

O proxecto DeSeCo (Definición e Selección de Competencias), (DeSeCo Project, OCDE) tivo unha influencia importante na selección das competencias clave. Definiu este proxecto que o obxectivo das competencias clave é contribuir a unha vida de éxito para as persoas e unha sociedade que funcione ben. Foron oito competencias as que definitivamente elixiron.

Hai diferenzas en como se consideran estas competencias nos distintos países, sendo o Reino Unido un dos que presenta un tratamento máis diferenciado (GORDON, J. et al., 2009).

Estas diferenzas poden ser debidas a moitos factores como a traxectoria histórica, a cultura ou a economía do país, pero tamén á maneira de entender o concepto de competencia e de definila. É posible facer diferentes clasificacións en función desta diversidade dentro de Europa. (Roegiers, 2001; Garagorri, 2007; Hutmacher, 2003)

De maneira simplificada podemos falar de dous modelos principais:

- Países nos que as competencias clave son de carácter transversal e nos que as competencias específicas das áreas de coñecemento se integran nelas, como é o caso de Reino Unido.
- Países nos que as competencias clave defínense fundamentalmente en torno a ámbitos de coñecemento, aínda que suman a estas outras competencias de carácter transversal. É o caso de España, Finlandia e Francia, que teñen un listado de competencias moi parecidas ao establecido na Recomendación da Comisión Europea.

Polo tanto, no primeiro caso temos un modelo no que se pretende substituír o tradicional currículo, en base a asignaturas por un modelo baseado en alcanzar unha serie de competencias de carácter transversal. Mentres que no segundo caso, as competencias transversais aplícanse ás propias áreas de coñecemento, es dicir, un enfoque relativamente máis convencional no deseño do currículo, aínda que esixe unha gran disciplina para lograr as competencias de carácter transversal.

CONCLUSIÓNS.

Como se ven de indicar ao longo deste artigo, o ensino obrigatorio da maioría dos países europeos tende a un sistema baseado en competencias, que pretende que os alumnos e alumnas adquiran a bagaxe que precisan para acadar o seu desenvolvemento persoal, para seguir aprendendo durante toda a vida e integrarse como cidadáns na sociedade, alcanzado así un desenvolvemento integral.

Con todo, o panorama europeo en relación ás competencias non é homoxéneo, senón que aparecen que aparecen diferentes aproximacións diversas á hora de considerar como conformar o currículo en relación ás competencias clave.

En certa maneira, estas diferentes aproximacións son un sinal das diversas ideas sobre o concepto e o alcance das competencias como eixe organizador das ensinanzas non universitarias en Europa.

En base ao que se ten ido indicando ao longo do artigo podemos presentar as seguintes conclusións en relación ao novo marco legislativo español:

1. Coa aprobación da LOMCE, as competencias consideradas achéganse máis ao que establece o Marco de Referencia Europeo que as aprobadas coa LOE. Isto, como veremos, non quere dicir que o resto de elementos curriculares deseñados acompañen a esa elección de competencias.
2. Na nova formulación de competencias non se observan cambios significativos na esencia e finalidade das competencias, tratándose máis ben, dun cambio de terminoloxía, para adaptarse aos termos que se utilizan a nivel europeo.
3. Pódese falar dun certo cambio de trato entre as distintas competencias, dando máis importancia a competencias como en Comunicación Lingüística, Matemática e en Ciencia e Tecnoloxía, pero como xa se indicou a presenza de materias de carácter científico ou tecnolóxico non corrobora esa intención.
4. A eliminación da Competencia autonomía e iniciativa personal pode ter moito que ver coa falta de interés real por desenvolver un espírito crítico por parte del alumnado.
5. A implantación de exames externos, pode levar a que certas accións formativas de grande importancia para o desenvolvemento das competencias claves, como as actividades de argumentación e indagación, traballos ou proxectos individuais ou en grupo, participación en certames e concursos, etc., deixen de estar presentes na aula.
6. A catalogación de centros en base ao éxito ou fracaso nesas probas externas, ademais de inxusto, podería ter consecuencias negativas na necesaria autonomía do profesorado.

Ao lado destas conclusións queremos indicar que non é menor o perigo de que a educación se convirta aínda máis nun “modelo bancario”, facendo que os alumnos e alumnas sexan mero “almacenadores” de información, volvendo deste modo a ser elementos pasivos no proceso ensino-

aprendizaxe, eliminando toda presenza de creatividade, transformación e saber, e retornando a vellas maneiras de considerar o ensino (Freire, 1970)

Dando máis importancia a competencias como as Tics ou o espírito empresarial, a educación corre o risco en se converter nunha transmisora e reproductora de valores de grupos económicos-sociais dominantes.

A introdución de competencias é algo positivo se se pretende formar ao alumnado para integralo nunha sociedade máis xusta e sostible, pero non será así se se orientam esas competencias fundamentalmente cara o éxito profesional.

Coincidimos finalmente con Valle y Manso (2013) en que, aínda que de maneira declarativa e intencional se insiste na nova lei no paradigma da aprendizaxe por competencias, se segue mantendo este concepto ao lado del de coñecementos, capacidades, destrezas e actitudes.

Faise, polo tanto, necesario reformular o proceso de formación do profesorado, tanto no que se refire a unha aprendizaxe máis aplicado como para axudar a construír un marco que mellore a igualdade de oportunidades dos cidadáns, que son o obxecto fundamental do proceso educativo (Gimeno Sacristán, 2008).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Delors. J. y otros (1996): *La educación encierra un tesoro*. Santillana-Unesco. Madrid.
- Department for Education and Skills A to Z of School Leadership and Management. En <http://www.dfes.gov.uk/a-z/KEY%5FSKILLS.html>
- Freire, Paulo (1970). *Pedagogía del oprimido*. Tierra Nueva (Buenos Aires, Siglo XXI Argentina Editores, 1972)
- Garagorri, X. (2007): *Propuestas curriculares basadas en competencias en el ámbito europeo*. Aula de Innovación Educativa, 161, pp. 56-59.
- Gimeno Sacristán, J. (comp.) (2008). *Educación en competencias, ¿qué hay de nuevo?*. Madrid: Ediciones Morata.
- Gordon, J. et al. (2009): *Key Competencies in Europe. Opening Doors for Lifelong Learners across the School Curriculum and Teacher Education*. Warsaw, CASE. Center for Social and Economic Research.
- Gutiérrez Paredes, Juan José (2007). *Diseño Curricular Basado En Competencias*. Viña del Mar, Chile. Ediciones Altazor.
- Hutmacher, W. (2003): *Definició de les competències bàsiques. La situació a Europa*. Barcelona, Congrés de competències bàsiques, 26 i 27 de Juny. En <http://www20.gencat.cat/docs/Educacio/Documents/ARXIUS/conferencia2.pdf>
- *Key competences for lifelong learning in Finland*. Education 2010–interim report. Ministry of Education. Finland. Helsinki, 7 May 2009. Sitio web: http://www.minedu.fi/export/sites/default/OPM/Koulutus/Liitteet/Education_2010_Interim_report_2009_Finland.pdf
- *Key competences in Europe: Opening doors for lifelong learners across the school curriculum and teacher education*. En <http://www.econstor.eu/bitstream/10419/87621/1/613705459.pdf>

- *Las competencias clave: un concepto en expansión dentro de la educación general obligatoria*. Madrid: Eurydice, 2003, Programas de estudio. Educación Secundaria Obligatoria. Desarrollo curricular, Unión Europea.
- *Le socle commun de connaissances, de compétences et de culture. Portail national des professionnels de l'éducation*. Ministère de L'éducation Natinale de l'enseignement supérieur et de la recherche. République Française.
- En <http://eduscol.education.fr/pid23228-cid45625/presentation.html>
- *Promoting Skills across the National Curriculum*. Key stages 3 and 4. Revised 2004. Sitio web: <http://webarchive.nationalarchives.gov.uk/20130401151715/http://www.education.gov.uk/publications/eOrderingDownload/QCA-04-1374.pdf>
- Proyecto DeSeCo.
- En <http://www.oecd.org/dataoecd/47/61/35070367.pdf>
- Proxecto de Orde pola que establece a relación de materias de libre configuración autonómica en ESO e no Bacharelato, se regula o seu currículo e a súa oferta.
- <http://www.edu.xunta.es/web/node/15151>
- R.D.126/2014 de 28 de Febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria. (BOE de 1 de marzo)
- R.D. 105/2014 de 4 de Septiembre, por el que se establece el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia. (DOG Núm.171)
- R.D. sobre la base común de conocimiento y habilidad de 11 de julio 2006, presentada en virtud de la ley para el futuro de la Escuela de 23 de abril 2005, en Francia.
- En <http://www.education.gouv.fr/bo/2005/18/MENX0400282L.htm>
- Reyes Sánchez Crespo, Antonio (2014). *Las novedades en el currículo básico LOMCE. Parte I*. Blog educativo. Gigas de tiza. El Correo gallego.es. En <http://blogs.elcorreogallego.es/gi-gasdetiza/2014/03/05/nuevos-curriculos-de-primaria/>
- Roegiers, X. (2001): *Une pédagogie de l'intégration*, 2ª ed. (Bruxelles, De Boeck). (2008): *L'approche par compétences dans le monde: entre uniformisation et différenciation, entre équité et inéquité*. In Direct: les clés de la gestion scolaire, 10, pp. 61-77.
- The Basic Skills Agency UK. Sitio web: <http://www.basic-skills.co.uk>
- The European Reference Framework of Key Competences. Recommendations of the European Parliament and of the Council of 18 December 2006 on Key Competences for Lifelong Learning, Official Journal of the European Union, 30/12/2006. En <http://eurlex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:394:0010:0018:en:PDF>
- Valle, J. Manso, J. (2013). *Competencias clave como tendencia de la política educativa supranacional de la Unión Europea*. Revista de Educación, Extraordinario 2013, 12-33.